

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 25 de novembro de 2024 , ditou a seguinte

RESOLUCIÓN :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE BENS INMOBLES PARA CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE TEO. EXPED. 2024/C009/000002

EXPEDIENTE: 2024/G003/001575

Á vista do actuado no expediente de adquisición directa, mediante compravenda, dos inmobles situados na rúa do atallo nº 11 da parroquia de Cacheiras, que se concretan na planta primeira do inmovible con referencia catastral 02301500NH34D0001PE, cunha superficie aproximada, segundo escritura pública de 17 de setembro de 2024, de 938 m², e a parcela que o circunda, con referencia catastral 15083A060000870000LQ, cunha superficie aproximada de espazo libre, segundo a inscrición no Rexistro da Propiedade, de 2.248 m².

Tendo en conta a Memoria incorporada ao expediente, do 7 de novembro de 2024, xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición, do fin ao que se ten previsto destinar os inmobles que se pretenden adquirir e do procedemento de adxudicación que se propón seguir.

Visto o informe do arquitecto municipal, do 8 de novembro de 2024, os informes de Secretaría, do 8 e do 19 de novembro de 2024, o prego de condicións, do 19 de novembro de 2024, e os informe de intervención do 20 e 21 de novembro de 2024, incorporados ao expediente.

Considerando que, segundo o informe do arquitecto de 8 de novembro de 2024, sobre expediente de compra, o valor dos inmobles cuxa adquisición se pretende, ascende a cento oitenta e seis mil douscentos noventa e oito euros con noventa e seis céntimos de euro (186.298,96 €).

Resultando que segundo o certificado de existencia de crédito, do 15 de novembro de 2024, incorporado ao expediente, existe crédito axeitado e suficiente, a nivel de vinculación xurídica, para adquisición dos inmobles citados polo importe indicado, con cargo á partida 231/622.00 do orzamento vixente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á adquisición directa dos inmobles descritos.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, do 19 de novembro de 2024, que rexerá a adquisición directa polo Concello de Teo, mediante compravenda, de inmobles para un centro de día, polo prezo de cento oitenta e seis mil douscentos noventa e oito euros con noventa e seis céntimos de euro (186.298,96 €).

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal, Ignacio Soto González, valorando os inmobles no importe citado.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 231/622.00 do vixente orzamento municipal, por importe de cento oitenta e seis mil douscentos noventa e oito euros con noventa e seis céntimos de euro (186.298,96 €), segundo a valoración técnica que obra no expediente.

Cuarto.- Invitar ás persoas propietarias para ver se están interesadas na adquisición e se aceptan as condicións polas que se formalizará a mesma mediante compravenda.

Quinto.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Visto e praxe

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz